



PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS POLO PERSOAL DE INSPECCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

O obxecto deste Protocolo adicional, que complementa ao Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 (publicado no DOG do 9 de maio), é singularizar as medidas preventivas de actuación para realizar a reincorporación do persoal de Inspección de Consumo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) ás actividades profesionais que desenvolve fora das instalacións da Xunta de Galicia (traballos en establecementos abertos ao público e empresas), sen prexuízo das recomendacións e aprobación polo Servizo de Prevención. En todo caso, seguiranse as indicacións que o Ministerio de Sanidade indique ao efecto.

No desenvolvemento das funcións que leva a cabo o persoal do IGCC fora das dependencias da Xunta de Galicia, realizando inspeccións ou outras actuacións administrativas propias do IGCC, deberán adoptarse todas as medidas precisas co obxecto de garantir a protección da saúde do seu persoal; debendo terse en conta, ademais das medidas que estableza o servizo de prevención, as seguintes medidas que non teñen carácter exhaustivo:

- Deberanse organizar os traballos limitando na medida do posible o número de saídas ao estritamente necesario. A organización dos traballos a desenvolver debe permitir realizar as labores de control pola inspección por medios telemáticos sempre que sexa posible. A realización das tarefas de inspección física en establecementos será coordinada desde o servizo/sección correspondente. No caso do persoal da Inspección de Consumo adicado en exclusiva á inspección física de establecementos limitarase na medida do posible a presenza nas dependencias da Xunta de Galicia - Os empregados públicos terán a súa disposición luvas e máscaras. No caso de realizarse inspección físicas en establecementos manteranse o distanciamento social obligatorio establecido polas autoridades sanitarias ou o recollido por estas no referente a situacións nas que non se pode manter o distanciamento social.
- O persoal de inspección na inspección física en establecementos solicitará a presencia do responsable, que o acompañará na inspección. O persoal de Inspección deberá adoptar as medidas necesarias para evitar o contacto cos usuarios dos establecementos e demais persoal da empresa. Requirírase a remisión telemática da documentación que fora precisa.





- Evitarase o uso compartido de material: cámaras, teléfonos, gps, lápices, bolígrafos, libretas, chalecos, etc
- En canto á atención aos cidadáns realizarase exclusivamente con cita previa, como di o protocolo da xunta e deberá manterse en todo caso o distanciamento social obligatorio establecido polas autoridades sanitarias.
- En canto ao uso de vehículos, establecerase un sistema de quendas axeitado segundo a dispoñibilidade de vehículos e número de usuarios, de xeito que se limite o máis posible o seu uso compartido ou alternado. Prohibese a circulación de persoal alleo á administración nos vehículos do persoal empregado público.
- Tanto ao inicio como ao final do seu uso, a persoa usuaria do vehículo procederá a realizar a ventilación do vehículo e a limpeza de todas aquelas superficies que poden ser obxecto de manipulación durante o servizo a prestar ou que foran manipuladas durante o servizo prestado. En concreto, deberanse limpar todas as superficies que se tocan regularmente como o volante, a panca de marchas, o espello retrovisor, o freo de man, os tiradores exteriores e interiores das portas, os cintos de seguridade, os asentos, os mandos de control (pancas de luces, intermitentes, limpaparabrisas, equipos de son, calefacción, etc.) utilizando unha solución hidroalcohólica ou outros desinfectantes, de acordo coas indicacións da autoridade sanitaria.
- Sempre que sexa posible as labores de inspección se realizarán de forma individual. No caso de que sexa preciso que acuda máis dun empregado público, estarase ao que dispoñan as autoridades sanitarias en cada momento sobre as condicións de ocupación de vehículos de transporte terrestre.
- No caso de circular dúas persoas, a persoa que non conduce irá na parte traseira situada en diagonal.
- Na medida do posible manterase unha pequena ventilación, coa apertura parcial dunha ventanilla, evitando o uso do climatizador/aire acondicionado.
- Cando sexa preciso repostar nunha estación de servizo serán utilizadas as luvas subministradas na propia estación de servizo (ou as luvas de protección coas que contará o empregado público, que desbotará trala repostaxe, procedendo noutro caso a realizar unha completa hixiene das mans tras a operación, con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica).
- Deberá evitarse uso compartido de material de oficina como teclados de ordenador, teléfonos, tarxetas, así como todo aquel material, ferramentas e equipos de traballo. No caso de ser inevitable deberán hixienizarse previamente ao seu uso. A hixienización levarase a cabo con panos de papel e/ou toalliñas desbotables impregnadas nunha solución hidroalcohólica ou outros desinfectantes, de acordo coas indicacións da autoridade sanitaria.





- É recomendable o uso de batas e/ou uniformes de traballo, segundo as tarefas a desenvolver, debendo manter limpas estas prendas así como os equipos de protección individual de cada traballador, ou cando sexa posible, usarán batas ou buzos desbotables. Tralo seu uso Estas prendas deberán ser embolsadas e pechadas para o seu traslado ata o punto onde sexan lavadas, recomendándose un lavado cun ciclo completo a unha temperatura de entre 60 e 90º C.
- Deberase extremar as medidas de hixiene de mans lavándoas frecuentemente con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica. É especialmente importante o lavado das mans despois de tocar superficies potencialmente contaminadas.

O presente documento será obxecto de revisión continua en atención ás recomendacións sanitarias.

